

PROXECTO EDUCATIVO

- 1. INTRODUCCIÓN – MARCO LEGAL**
- 2. ANÁLISE DO CONTEXTO ESCOLAR**
 - 2.1. DATOS IDENTIFICATIVOS DO CENTRO
 - 2.2. CARACTERÍSTICAS DO ENTORNO
 - 2.3. ASPECTOS SOCIO-ECONÓMICOS E CULTURAI S QUE O CONFORMAN
 - 2.4. DEPENDENCIAS E EQUIPAMENTO
- 3. SERVIZOS E RELACIÓNS COAS FAMILIAS E INSTITUCIÓNS**
 - 3.1. SERVIZOS
 - 3.2. RELACIÓNS COAS FAMILIAS E INSTITUCIÓNS
 - 3.3. EMPREGO DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO POR PARTE DOUTRAS ENTIDADES
- 4. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO**
 - 4.1. UNIDADES DO CENTRO E ALUMNADO
 - 4.2. CRITERIOS DE AGRUPAMENTO
 - 4.3. HORARIO
 - 4.4. PROFESORADO
 - 4.5. PERSOAL NON DOCENTE
 - 4.6. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS
- 5. SINAIS DE IDENTIDADE. QUEN SOMOS**
 - 5.1. PRINCIPIOS DA ACTIVIDADE EDUCATIVA
 - 5.2. FINS EDUCATIVOS DO CENTRO
- 6. OBXECTIVOS DO CENTRO**
 - 6.1. ÁMBITO PEDAGÓXICO
 - 6.2. ÁMBITO HUMANO
 - 6.3. ÁMBITO INSTITUCIONAL
 - 6.4. ÁMBITO ADMINISTRATIVO
 - 6.5. ÁMBITO DE PLURILINGÜISMO
- 7. ORGANIZACIÓN DO CENTRO**
 - 7.1. ORGANIGRAMA
 - 7.2. ÓRGANOS DE GOBERNO
 - 7.3. ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE
 - 7.4. DOCUMENTOS DE PLANIFICACIÓN
 - 7.5. DINAMIZACIÓNS E OUTRAS FUNCIÓNS DOCENTES
 - 7.6. ENSINANZAS NON OBRIGATORIAS
 - 7.7. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS
 - 7.8. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES
- 8. ANEXOS – DOCUMENTOS DE REFERENCIA**

1. INTRODUCCIÓN – MARCO LEGAL

No artigo 121 da LOE e tendo en conta as modificacións introducidas nese artigo pola LOMCE, establécese que os centros deberán elaborar un PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO seguindo as seguintes directrices:

- ▶ O equipo directivo elaborará o PEC partindo das características de situación, contorno, alumnado e profesorado do centro.
- ▶ Os apartados que se incluírán no PEC serán os seguintes:
 - Obxectivos do centro.
 - Fins e intencións educativas.
 - Oferta educativa.
 - Organización xeral.
 - Relacións coas familias e institucións.
 - **Documentos de referencia do centro.**
- ▶ O Consello Escolar avaliará os seguintes proxectos e normas aos que se refire o capítulo II do título V da LOE sendo a dirección do centro a responsable da súa aprobación.
 - Proxecto educativo.
 - Proxecto de xestión.
 - Normas de organización e funcionamento.
 - Programación Xeral Anual.
- ▶ A inspección educativa será a responsable da supervisión e o control dos programas que inciden nos centros, comprobando a súa adecuación ao establecido na lexislación vixente.

Este documento marca a personalidade do centro e servirá de base para a elaboración das diferentes programacións. Así mesmo, complétase con outros documentos de xestión que se relacionan no derradeiro epígrafe.

2. ANÁLISE DO CONTEXTO ESCOLAR

2.1. DATOS IDENTIFICATIVOS DO CENTRO

Trátase dun centro de titularidade pública ubicado na localidade de Tordoia pertencente ao Concello de Tordoia.

Os seus datos referenciais son os seguintes:

C.P.I “Pecalama”

C/ Pontepedra s/n. Cabaleiros

15683-TORDOIA

Tfno: 881960001 fax:881960009

Código de centro: 15021317

Correo electrónico: cpi.pecalama@edu.xunta.es

Páxina web: <http://edu.xunta.gal/centros/cpipecalama>

2.2. CARACTERÍSTICAS DO ENTORNO E ORIXE DO CENTRO ESCOLAR

CARACTERÍSTICAS DO ENTORNO

Tordoia, xunto con Cerceda, Frades, Mesía, Oroso, Ordes e Trazo, é un dos concellos pertencentes á Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ordes.

O concello de Tordoia ten unha extensión de 125 Km cadrados distribuídos en dez parroquias: San Mamede de Andoio, Santa Mariña de Anxeriz, Santa María de Bardaos, San Xulián de Cabaleiros - onde se sitúa a capital, Pontepedra -, Santa María de Castenda, Santaia de Gorgullos, San Cristovo de

Leobalde, Santiago de Numide, San Xoán de Tordoia e San Ciprián de Viladabade. Ao longo do último século non se experimentou ningún cambio, tanto nas zonas limítrofes como nas súas divisións parroquiais. Tordoia posúe unha xeografía amesetada, cunha altitude que oscila entre os 400 e os 500 metros sobre o nivel do mar.

O lugar de maior interese do concello, dado o seu valor histórico e arqueolóxico, é o Dolmen de Cabaleiros. O Dolmen de Cabaleiros, tamén coñecido como Casa da Moura, Casa dos Mouros ou Couza do Cacheiro, é Monumento Histórico- Artístico dende 1975. É un magnífico exemplo da arquitectura funeraria do neolítico no noroeste peninsular. O túmulo ten un diámetro aproximado de 30 m. e unha altura de 2 m. A cámara funeraria está formada por oito lousas, das cales unha é a de cubrición. Sería unha cámara poligonal aberta con corredor diferenciado en planta e alzado.

A poboación en 2010 era de 4.268 persoas. Actualmente, no ano 2017 e segundo o Padrón municipal de habitantes, a súa poboación é de 3.611 persoas (homes e mulleres).



A CORUÑA , TORDOIA

17 de febrero de 2017

PIRÁMIDE POBLACIÓN

Idades	Varóns	Mulleres	Total	% Varóns	% Mulleres
0 - 4	36	36	72	50,00	50,00
5 - 9	38	34	72	52,78	47,22
10 - 14	39	32	71	54,93	45,07
15 - 19	49	43	92	53,26	46,74
20 - 24	71	50	121	58,68	41,32
25 - 29	98	86	184	53,26	46,74
30 - 34	93	88	181	51,38	48,62
35 - 39	111	99	210	52,86	47,14
40 - 44	101	117	218	46,33	53,67
45 - 49	115	129	244	47,13	52,87
50 - 54	133	125	258	51,55	48,45
55 - 59	131	124	255	51,37	48,63
60 - 64	127	170	297	42,76	57,24
65 - 69	134	145	279	48,03	51,97
70 - 74	140	145	285	49,12	50,88
75 - 79	95	139	234	40,60	59,40
80 - 84	106	175	281	37,72	62,28
85 - 89	56	112	168	33,33	66,67
90 - 94	18	46	64	28,13	71,88
95 - 99	6	16	22	27,27	72,73
100 - 104	0	3	3	0,00	100,00
105 - 109	0	0	0	0,00	0,00
110 - 114	0	0	0	0,00	0,00
115 - 119	0	0	0	0,00	0,00
120	0	0	0	0,00	0,00
Totais	1697	1914	3611	47,00	53,00

O Centro Público Integrado Pecalama está situado no municipio de Tordoia de titularidade pública e depende da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

Está emprazado na localidade de Pontepedra, parroquia de Cabaleiros, do concello de Tordoia.

A actividade económica do municipio está claramente dominada pola explotación dos recursos agrarios: agricultura e gandería.

Hai que destacar a empresa TMC en Anxeriz, dedicada á venda e reparación de maquinaria agrícola; e a empresa Industrias Torres, dedicada á fabricación e distribución de sistemas de PVC para empresas e profesionais; as cales dan traballo a preto de cen persoas.

2.3. ASPECTOS SOCIO-ECONÓMICOS E CULTURAIS QUE O CONFORMAN

Unha vez analizados os resultados da enquisa realizada, as conclusións ás que chegamos son as seguintes:

- ▶ Tendo en conta o tipo de traballo que realizan os país/nais do alumnado confirmase que a maioría deles traballan por conta allea. Apenas existe paro e unha porcentaxe masiva dispón de animais e pequenos terreos con plantacións dos que obteñen produtos alimenticios. Outra fonte de ingresos son as pensións de xubilación e os subsidios de desemprego.
- ▶ No aspecto referente a vivenda, reflíctase que unha ampla maioría dispón de vivenda propia e nalgúns casos conviven xuntas varias xeracións.
- ▶ Debido á ubicación do núcleo poboacional, case todas as familias dispoñen dun ou dous vehículos.
- ▶ Aproximadamente o 80% do alumnado dispón de habitación individual. O outro 20% comparte habitación cos irmáns ou outros membros da unidade familiar.
- ▶ Unha alta porcentaxe do alumnado dispón dun mínimo suficiente de libros de lectura propios e ademais, os alumnos de Primaria, levan desde o colexio a mochila viaxeira ou collen libros en préstamo da biblioteca do centro
- ▶ Polo que respecta ao seu tempo de lecer, os discentes distribúeno do seguinte xeito:
 - Máis do 95 % ven a televisión e empregan as novas tecnoloxías en torno a dúas horas diarias, aumentando esta proporción os fins de semana.
 - En torno a esa mesma porcentaxe acceden ás actividades extraescolares; aínda que no transcurso do curso; algúns abandonan as actividades.

2.4. DEPENDENCIAS E EQUIPAMENTO

DEPENDENCIAS

Atópanse distribuídas en dous edificios:

Edificio do ximnasio.

- ▶ Ximnasio con duchas e vestiarios.
- ▶ Almacén de material do Departamento de Educación Física.
- ▶ Sala de caldeiras con acceso independente.
- ▶ Sala de control dotada con ordenador e equipo de son.
- ▶ Sala de cuadro eléctrico e xerador.

Edificio de Secundaria

- ▶ Despacho de Xefatura de Estudos
- ▶ Conserxería.
- ▶ Despacho de dirección.
- ▶ Despacho de secretaría.
- ▶ Secretaría
- ▶ Sala de profesores
- ▶ 4 Departamentos compartidos.
- ▶ Aula de Pedagogía Terapéutica
- ▶ Aula para recibir aos país/ de reunión da ANPA
- ▶ Aula de Pedagogía Terapéutica
- ▶ Servizos para profesoras con lavabos.
- ▶ Servizos para profesores con lavabos.
- ▶ Servizos para alumnos con lavabos
- ▶ Servizos para alumnas con lavabos
- ▶ Servizo para persoas discapacitadas.
- ▶ Biblioteca.
- ▶ 6 aulas.
- ▶ Laboratorio.
- ▶ Aula de informática.
- ▶ Aula de tecnoloxía
- ▶ Aula de video.
- ▶ Aula de música
- ▶ Aula de Plástica.
- ▶ Almacén-arquivo
- ▶ Aula de usos múltiples
- ▶ Sala de caldeiras.
- ▶ Comedor.
- ▶ Cociña.
 - Dúas despensas adicadas á cociña.
 - Servizo/ vestiario
 - Despensa para produtos de limpeza

No exterior.

- ▶ Patio descuberto.
- ▶ Patio cuberto.
- ▶ Parque infantil.

Outras instalacións utilizadas polo centro.

- ▶ Polideportivo municipal.
- ▶ Casa da Cultura

Edificio de Primaria

- ▶ Aula de informática
- ▶ Biblioteca
- ▶ 3 aulas de infantil
- ▶ 6 aulas de Primaria
- ▶ Aula de Inglés
- ▶ Aula de Pedagogía Terapéutica
- ▶ Aula de Extraescolares
- ▶ Aula de Educación Física

- ▶ Despensa de material de limpeza.
- ▶ Dous almacéns
- ▶ Sala de caldeiras.
- ▶ Sala de Mestres.
- ▶ Servizos con lavabos.

No ano 1999 fixéronse reformas nos edificios de Primaria e Secundaria, co fin de adaptalos ás novas necesidades do alumnado.

EQUIPAMENTO

EQUIPAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA

- ▶ Dispoñemos dun patio de recreo que conta cun campo de fútbol e baloncesto
- ▶ Contamos cun ximnasio con duchas e un pequeno almacén para o material deportivo no que atopamos: pelotas de diferentes tipos, balóns de basloncesto, balonmán, aros de distintos tamaños, cordas, picas, ladrillos, patíns...
- ▶ O ximnasio conta con espaldeiras, bancos suecos, colchonetas de axilidade, trampolíns, colchonetas quitamedos, potro e plintons. Este espazo é utilizado tamén para celebracións e actividades extraescolares como baile, actuacións, etc.
- ▶ Nas inmediacións do centro escolar contamos cun polideportivo de titularidade municipal que empregamos en ocasións puntuais.

EQUIPAMENTO DE AUDIOVISUAIS

- ▶ 2 Televisores.
- ▶ 2 Vídeos.
- ▶ Pizarra dixital, canón e ordenador en todas as aulas.
- ▶ 3 Reprodutores de CD.
- ▶ 2 Micrófono.
- ▶ 2 Xogos de bafles.
- ▶ 1 Equipo de megafonía empregado en diversas conmemoracións.
- ▶ 2 Reprodutores de D.V.D.
- ▶ 2 Cámaras de fotos dixitais.
- ▶ 1 Cámara de vídeo.
- ▶ 2 discos duros externos

EQUIPAMENTO DAS AULAS DE MÚSICA

A aula de música contén o material básico instrumental:

- ▶ 3 Metalófonos.
- ▶ 3 Carrillóns.
- ▶ 2 Platillos con pé de metal.
- ▶ 3 Pandeiretas.
- ▶ 4 Pares de maracas.
- ▶ Toc-toc.
- ▶ 2 Xilófonos.
- ▶ 1 Xogo de timbais.
- ▶ 1 Bombo con mazo.
- ▶ 5 Pandeiros.
- ▶ 6 Triángulos.
- ▶ 5 Caixas chinesas.

- ▶ 4 Flautas Fuzeau.
- ▶ Batería.
- ▶ Marimba.
- ▶ Bongoes.
- ▶ Caixón flamenco.
- ▶ Tubo armónico.
- ▶ 2 Melódica
- ▶ 6 Pianos de goma
- ▶ 1 Xogo de Boomwackers
- ▶ Carraca
- ▶ 6 claves
- ▶ 1 platillos
- ▶ 2 kazoo
- ▶ 3 sistros
- ▶ 4 cascabeles
- ▶ 1 cortinilla
- ▶ 1 Xogo de campanas
- ▶ 1 teclado Casio
- ▶ 1 teclado Yamaha (pequeno)

EQUIPAMENTO DE INFORMÁTICA

SECUNDARIA:

- ▶ 16 ordenadores na aula de informática (enviou a consellería no curso 2015-16)
- ▶ 1 ordenador de sobremesa de xestión en Dirección.
- ▶ 1 ordenador de sobremesa de xestión en Secretaría.
- ▶ 1 ordenador de sobremesa en Xefatura
- ▶ 1 ordenador do administrativo
- ▶ 3 ordenadores na sala de profesores.
- ▶ 1 ordenador na biblioteca para xestión de préstamos e emprego do profesorado (Secundaria)
- ▶ 1 impresoras láser en Xefatura (Samsung CLP-620ND)
- ▶ 2 impresoras na sala de profesores (Samsung CLP-620ND e una EPSON AL-M300)
- ▶ 1 impresora par etiquetas en Administración
- ▶ 6 ordenadores de sobremesa, na aula de tecnoloxía.
- ▶ 2 impresoras 3D na aula de tecnoloxía
- ▶ 1 impresora Desjet 815C
- ▶ 1 impresora Lexmark T644 que se usa para impresión de etiquetas.
- ▶ 8 proxectores
- ▶ 7 pizarras dixitais
- ▶ 1 escáner.
- ▶ - ordenadores portátiles.
- ▶ 6 ordenadores de sobremesa na Biblioteca.
- ▶ 1 ordenador en Orientación com impresora Epson stylus C84
- ▶ 1 ordenador na aula de PT

PRIMARIA:

- ▶ 1 ordenador na Biblioteca de Primaria

- ▶ 1 ordenador portátil na aula de Pedagogía Terapéutica (Primaria)
- ▶ 1 ordenador na aula I de Educación Infantil.
- ▶ 1 ordenador na aula II de Educación Infantil.
- ▶ 1 ordenador portátil na aula III de Educación Infantil.
- ▶ 6 ordenadores portátiles (un en cada aula).
- ▶ 6 canons.
- ▶ 6 pantallas dixitais.
- ▶ 1 canon na biblioteca.
- ▶ Ordenadores na aula de informática
- ▶ Ordenador portátil e monitor interactivo Starboard 65” na aula de inglés
- ▶ **Nas aulas de 5º e 6º de primaria e 1º e 2º de ESO dispoñen os nenos de u portátil ABALAR para cada um.**

3. SERVIZOS E RELACIÓNS COAS FAMILIAS E INSTUTUCIÓNS

3.1. SERVIZOS

SANIDADE E ASISTENCIA MÉDICA

- ▶ Centro de saúde de Tordoia
- ▶ Centro de saúde de Ordes.

SERVIZOS SOCIAIS

- ▶ Escola Infantil Municipal
- ▶ Punto de información xuvenil.
- ▶ Servizo de axuda a domicilio.

INSTALACIÓNS DEPORTIVAS

- ▶ Polideportivo Municipal de Tordoia.
- ▶ Piscina descuberta de Tordoia.
- ▶ Campo de fútbol de Cabaleiros
- ▶ Campo de fútbol de Gorgullos.
- ▶ Pistas polideportivas en todas as parroquias.

SERVIZOS E INSTITUCIÓNS RECREATIVAS

- ▶ Área recreativa do Dolmen de Cabaleiros.
- ▶ Pedralonga.

TRANSPORTE E COMUNICACIÓNS

- ▶ Autobuses Queijo e Pallas.
- ▶ Parada de taxis: Pontepedra, Tordoia.

COMERCIO

Hostelería	Ferretería	Farmacia	Supermercados
Moda	Banca	Moda	M. construción

ENSINO

- ▶ C.P.I “Pecalama”. Tordoia
- ▶ Escola infantil de Tordoia

SERVIZOS CULTURAI

- ▶ Centro social de Tordoia
- ▶ Sociedade Deportiva Tordoia.

3.2. RELACIÓNS COAS FAMILIAS E INSTITUCIÓNS

- ▶ Este centro aposta por manter sempre as mellores relacións coas familias e as institucións con que se relaciona, buscando sempre a fluidez, o trato respectuoso, a colaboración e a participación en todas as actividades propostas.

RELACIÓNS ESCOLA-FAMILIA

- ▶ A cordialidade das relacións escola-familia e a confianza entre país e educadores son básicas en calquera etapa educativa.
- ▶ A escola non pode nin debe pretender substituír á familia, senón compartir a responsabilidade de educar e instruír aos nenos e nenas. Canto máis se coñezan os educadores e as familias, máis se favorece o benestar dos rapaces.
- ▶ A eficacia da educación ten que estar baseada nunha actuación coherente e de corresponsabilidade que guíe aos nenos e nenas nunha mesma dirección.
- ▶ Para chegar a bo fin nesta tarefa compartida, existen dúas vías complementarias de participación:
 - A través dunha implicación das familias no proceso educativo que conleve:
 - Un consenso familia-escola.
 - Unha comunicación fluída e constante.
 - A través do Consello Escolar, coa súa cooperación na organización do Centro.
- ▶ No que respecta á primeira vía, é dicir, á implicación das familias no proceso educativo, nalgúns casos non é doado establecer una boa corrente comunicativa, pero sabemos que esta comunicación é importante de cara ao éxito da actuación da escola. Os recursos e estratexias para conseguir este obxectivo serán:
 - Reunións xerais nas que cada titor/a convoca a todas as familias do seu grupo para tratar temas de interese xeral: normas, horarios, obxectivos a conseguir en cada materia, saídas culturais, festividade a celebrar...
 - Entrevistas individuais que deberán levarse a cabo nun ambiente relaxado e distendido. Servirán para establecer ou retomar as relacións familias-escola e para recabar datos sobre:
 - A situación socioambiental do neno.
 - Datos persoais de saúde, relación con outros nenos, xogos preferidos, relación cos adultos, cos irmáns, cos país (tempos que conviven con cada un deles).
- ▶ Ademais destas posibilidades de contacto entre titores e familias, fíxanse uns horarios semanas de titorías e atención aos país que quedan reflectidas na Programación Xeral Anual.

RELACIÓN COA ANPA

- ▶ As relacións coa Anpa son excelentes e a maior proba é o gran número de participantes en todas as actividades que organizan; sempre están abertos a colaborar coas actividades do colexio sendo este aspecto algo mútuo.
- ▶ A ANPA colabora, asiduamente, na preparación das actividades complementarias e extraescolares.
- ▶ No ámbito da organización, manteñen una estreita relación co profesorado levando as súas inquedanzas ao Consello Escolar tanto por problemas de carácter pedagóxico como de conservación do edificio, material escolar ...

CENTRO DE ADSCRICIÓN

- ▶ O centro non dispón de centros adscritos pero a maioría de alumnos de 3 anos, veñen da Escola Infantil de Tordoia e os alumnos que rematan 4º de ESO terminan o Bacharelato no IES de Ordes número 1 (case o 100%).

- ▶ A finais de curso visitamos o I.E.S. número 1 de Ordes cos alumnos de 4º de ESO, coa finalidade de establecer una xornada de acollida na que os alumnos/as visitan as instalacións e manteñen os primeiros contactos cos seus futuros potenciales compañeiros/as e docentes.

RELACIÓN CO CONCELLO

- ▶ Colaboración e axuda económica para a realización da excursión de fin de curso, de 4º de ESO.
- ▶ Organización de actividades culturais con motivo de distintas conmemoracións.
- ▶ Organización de actividades extraescolares nas que poden participar todos os alumnos do centro.
- ▶ Colaboración nos gastos de mantemento de caldeiras de gasóleo e ascensores.
- ▶ Colaboración en outros gastos do colexio, como a electricidade.

3.3. EMPREGO DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO POR PARTE DOUTRAS ENTIDADES

Este Centro está a disposición de toda a Comunidade Educativa ou de calquera asociación cultural que solicite formalmente algunha dependencia do mesmo, despois de acadar o correspondente permiso da Inspección e do Departamento Territorial, responsabilizándose dos posibles danos, gastos e perxucios que se poidesen ocasionar no Centro, así como a responsabilidade civil derivada de calquera incidencia que tivese lugar durante o desenvolvemento das actividades realizadas.

4. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO

4.1. UNIDADES DO CENTRO E ALUMNADO

- ▶ O centro conta con 13 unidades das cales 3 son de Educación Infantil.
- ▶ O número de alumnos matriculados oscila entre 168 e 171 nos derradeiros anos.
- ▶ A ratio media ven sendo de 1/10, aínda que hai cursos que superan a mesma.
- ▶ Contamos con algún alumno/a con N.E.E. psíquicas e/ou motóricas. No momento actual non temos discentes inmigrantes nin pertencentes a minorías étnicas.
- ▶ Os alumnos proceden da área de influencia do concello, e unha minoría, a zona de influencia do Concello de Cerceda.

4.2. CRITERIOS DE AGRUPAMENTO

Estos criterios establécense respectándose as ratios establecidos por lei. O centro ten dúas unidades de Educación Infantil e unha terceira habilitada, dos tres niveis educativos do segundo ciclo. As pautas para establecer os agrupamentos serán as seguintes:

- ▶ O/a xefe/a de estudos e os/as mestres/as de E.I. reuniranse a finais de curso para analizar a matrícula e decidir os agrupamentos. Se non se suprime a unidade habilitada, os agrupamentos faránse por idade.
- ▶ De ter que repartir alumnos do 2º nivel entre as dúas unidades, o criterio a seguir sería a idade. En todo caso, en cada aula quedará un grupo significativo de alumnos, estando a proporción condicionada polo número de alumnos matriculables nese nivel.

4.3. HORARIO

- ▶ O horario lectivo do centro é de 9,35 a 16,30 horas e os venres de 9,35 a 14,30 (aprobado pola Consellería este curso 2016-17).
- ▶ O alumnado de 4º de Educación Infantil que se incorpore ao centro farao de xeito progresivo durante o período de adaptación que marca a lei (no mes de setembro).
- ▶ Todos os martes lectivos, os mestres de Primaria, en sesión de mañá de 13,15 h. ata as 14,15 h. realízanse tarefas de carácter titorial e atención a país/nais. Os luns, martes e xoves, de 13,15h. a 14,15 h, lévanse a cabo as reunión de traballo dos diferentes equipos.
- ▶

4.4. PROFESORADO

O catálogo de postos de traballo do centro é de 13 mestres en Primaria e 12 profesores en Secundaria.

PRIMARIA:

- ▶ 2 Educación Infantil.
- ▶ 6 Educación Primaria.
- ▶ 1 Lingua Inglesa.
- ▶ 1 Educación Física.
- ▶ 1 Educación Musical.
- ▶ 1 Pedagogía Terapéutica.
- ▶ 1 Audición e Linguaxe (compartida con CPI Ceslo Emilio Ferreiro)
- ▶ 1 mestre de Relixión Católica

SECUNDARIA:

- ▶ 1 Orientador/a.
- ▶ 1 profesora de matemáticas
- ▶ 1 profesora de lingua castelá
- ▶ 1 profesora de lingua galega
- ▶ 1 profesora de ciencias
- ▶ 1 profesor de tecnoloxía
- ▶ 1 profesor de inglés
- ▶ 1 mestra de inglés (1º ciclo da ESO)
- ▶ 1 profesor de E.F.
- ▶ 1 profesora de música

Tamén temos unha profesora de Relixión Católica en Secundaria pero non pertence ao noso centro. Pertence ao claustro do CPI Viaño Pequeño

4.5. PERSOAL NON DOCENTE

- ▶ Conserxe.
- ▶ Tres cociñeiras.
- ▶ Tres limpiadoras.
- ▶ Un auxiliar administrativo.

4.6. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

- ▶ O centro conta con servizos complementarios de transporte e comedor escolar cuxos aspectos de organización e funcionamento atópanse desenvolto nas NOF e na PXA.

5. SINAIS DE IDENTIDADE

5.1. PRINCIPIOS DA ACTIVIDADE EDUCATIVA

- ▶ A calidade da educación para todo o alumnado, independentemente das súas condicións e circunstancias.
- ▶ A equidade, que garanta a igualdade de oportunidades, a inclusión educativa e a non discriminación e actúe como elemento compensador das desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais, con especial atención ás que deriven de discapacidade.
- ▶ A transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, así como que axuden a superar calquera tipo de discriminación.
- ▶ A concepción da educación como unha aprendizaxe permanente, que se desenvolve ao longo de toda a vida.

- ▶ A flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado, así como aos cambios que experimentan o alumnado e a sociedade.
- ▶ A orientación educativa dos estudantes, como medio necesario para o logro dunha formación personalizada, que propicie unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores.
- ▶ O esforzo individual e a motivación do alumnado.
- ▶ O esforzo compartido por alumnado, familias, profesores, centros, administracións, institucións e o conxunto da sociedade.
- ▶ A autonomía para establecer e adecuar as actuacións organizativas e curriculares no marco das competencias e responsabilidades que corresponden ao centro.
- ▶ A participación da comunidade educativa na organización, goberno e funcionamento do centro.
- ▶ A educación para a prevención de conflitos e para a súa resolución pacífica, así como a non-violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.
- ▶ O desenvolvemento da igualdade de dereitos e oportunidades e o fomento da igualdade efectiva entre homes e mulleres.
- ▶ A consideración da función docente como factor esencial da calidade da educación, o recoñecemento social do profesorado e o apoio a súa tarefa.
- ▶ O fomento e a promoción da investigación, a experimentación e a innovación educativa.
- ▶ A avaliación tanto na programación e organización e nos procesos de ensino e aprendizaxe como nos seus resultados.

5.2. FINS EDUCATIVOS DO CENTRO

- ▶ O pleno desenvolvemento da personalidade e das capacidades do alumnado.
- ▶ A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade.
- ▶ A educación no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e a súa resolución pacífica.
- ▶ A educación na responsabilidade individual e no mérito e esforzo persoal.
- ▶ A formación para a paz, o respecto aos dereitos humanos, a vida en común, a cohesión social, a cooperación e solidariedade entre os pobos así como a adquisición de valores que propicien o respecto cara aos seres vivos e o ambiente, en particular ao valor dos espazos forestais e o desenvolvemento sustentable.
- ▶ O desenvolvemento da capacidade dos alumnos para regular a súa propia aprendizaxe, confiar nas súas aptitudes e coñecementos coñecementos, así como para desenvolver a creatividade, a iniciativa persoal e o espírito emprendedor.
- ▶ A formación no respecto e recoñecemento da pluralidade lingüística e cultural e da interculturalidade como un elemento enriquecedor da sociedade.
- ▶ A adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo, de coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e artísticos, así como o desenvolvemento de hábitos saudables, o exercicio físico e o deporte.
- ▶ A capacitación para a comunicación nas dúas linguas oficiais da comunidade autónoma e nunha lingua estranxeira. Potenciarase o ensino da lingua galega de xeito que se garanta un efectivo dominio da mesma en igualdade co da lingua castelá. A lingua galega será a lingua de relación do centro coas outras administracións e cos distintos sectores da comunidade educativa.
- ▶ A preparación para o exercicio de cidadanía e para a participación activa na vida económica, social e cultural, con actitude crítica e responsable e con capacidade de adaptación as situacións cambiantes da sociedade do coñecemento.

6. OBXECTIVOS DO CENTRO

6.1. ÁMBITO PEDAGÓXICO

- ▶ Fomentar integralmente aos alumnos e alumnas, compensando as súas carencias a través dunha atención individualizada e unha avaliación continua e formativa.

- ▶ Proporcionar ao alumnado o coñecemento dos dereitos e liberdades recoñecidos na Constitución e demais leis e dereitos internacionais. Facilitar no centro a vivencia dos mencionados dereitos e liberdades.
- ▶ Facilitar a adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo, así como de coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e artísticos.
- ▶ Formar no respecto á pluralidade lingüística e cultural.
- ▶ Desenvolver unha metodoloxía activa que garanta a participación do alumnado no proceso de ensino e aprendizaxe. Preparalos para participar activamente na vida social e cultural.
- ▶ Utilizar unha metodoloxía globalizadora partindo dos intereses e necesidades do alumnado.
- ▶ Desenvolver nos alumnos as seguintes capacidades:
 1. Competencia en comunicación lingüística.
 2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
 3. Competencia dixital.
 4. Aprender a aprender.
 5. Competencias sociais e cívicas.
 6. Sentido da iniciativa e espírito emprendedor.
 7. Conciencia e expresións culturais.

6.2. ÁMBITO HUMANO

- ▶ Desenvolver nos alumnos e alumnas actitudes para a convivencia democrática e para o exercicio responsable da liberdade.
- ▶ Desenvolver actitudes e hábitos de cooperación a través do traballo en equipo.
- ▶ Fomentar un comportamento tolerante e solidario en toda a comunidade educativa.
- ▶ Desenvolver actitudes de respecto ás diferentes culturas e linguas.
- ▶ Educar na integración.
- ▶ Educar para a paz e no desenvolvemento de actitudes pacíficas.
- ▶ Formar ao alumnado en igualdade, sen ningún tipo de discriminación e eliminando estereotipos en relación aos roles do home e da muller na sociedade.

- ▶ Fomentar en toda a comunidade educativa actitudes de respecto e defensa do medio ambiente.
- ▶ Educar no respecto aos valores morais e cívicos.
- ▶ Educar para un consumo responsable.
- ▶ Educar para unha boa utilización do tempo de lecer.
- ▶ Desenvolver no alumnado hábitos e actitudes de respecto ás normas de educación viaria.
- ▶ Propiciar a autonomía do alumnado a través da adquisición de hábitos de estudo, orde e traballo.
- ▶ Valorar criticamente os hábitos relacionados coa saúde, consumo e medio ambiente.
- ▶ Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal.
- ▶ Desenvolver no alumnado a imaxinación, a orixinalidade e o espírito crítico.
- ▶ Proporcionar a todos os alumnos a atención psicopedagóxica e a orientación educativa precisa.
- ▶ Desenvolver un plan de acción tutorial que proporcione aos alumnos o coñecemento do seu contorno físico, social e educativo.
- ▶ Adecuar o currículo aos diferentes ritmos de aprendizaxe con especial atención aos alumnos con necesidades educativas especiais.
- ▶ Favorecer a socialización do alumnado propiciando a consecución de destrezas que faciliten a súa integración.

6.3. ÁMBITO INSTITUCIONAL

- ▶ Implicar ás familias dos alumnos no proceso educativo e fomentar a súa participación na vida do centro.
- ▶ Fomentar a relación do centro co entorno social, económico e cultural.

- ▶ Potenciar a coordinación e o traballo en equipo do profesorado.

- ▶ Establecer contactos e coordinar actuacións co CPI Viaño Pequeño, CPI Celso Emilio Ferreiro e o CPI O Cruce, centros que están perto do noso.
- ▶ Impulsar e favorecer a participación do profesorado en actividades de formación permanente, fundamentalmente no propio centro.
- ▶ Colaborar co centro de formación do profesorado.
- ▶ Colaborar co concello nas actividades organizadas por este e dirixidas á formación do alumnado.
- ▶ Lograr que as administracións local e autonómica cumpran coas súas obrigas con respecto ás necesidades do centro.
- ▶ Democratizar o funcionamento do centro, fomentando e facilitando a participación de todos os sectores da comunidade educativa.

6.4. ÁMBITO ADMINISTRATIVO

- ▶ Realizar unha xestión administrativa e económica eficaz e transparente.
- ▶ Lograr un sistema de comunicación áxil e eficaz entre toda a comunidade educativa.

6.5. ÁMBITO DE PLURILINGÜISMO

Ao remate da educación secundaria, o alumnado deberá ter un dominio do galego e do castelán que lle permita comunicarse en ambas as dúas linguas por un igual. Así mesmo, fomentaremos unha valoración positiva da lingua galega así como o coñecemento da nosa cultura. Os obxectivos que nos propoñemos no eido da normalización lingüística son:

- ▶ Acadar que os alumnos do centro teñan unha competencia lingüística que lles permita comunicarse por un igual en lingua galega e castelá.
- ▶ Potenciar a valoración positiva do uso da lingua galega por parte da comunidade educativa.
- ▶ Utilizar a lingua galega como lingua oficial nas relacións externas do centro: escritos, circulares, xestión administrativa...
- ▶ Mellorar a competencia lingüística dos membros da comunidade educativa.

7.1. ORGANIGRAMA



7.2. ÓRGANOS DE GOBERNO

- ▶ Colexiados:
 - Claustro de Profesores: É o órgano pedagóxico supremo do Centro Escolar. A súa composición e competencias veñen recollidas nos artigos 128 e 129 da LOE.
 - Consello Escolar: É o órgano máximo de participación dos diferentes sectores da Comunidade Educativa. A súa composición ven recollida no artigo 126 da LOE a as súas competencias veñen recollidas no artigo 127 da LOE, coas modificacións introducidas no punto 80 do artigo único da LOMCE.
- ▶ Unipersoais:
 - Director: As súas competencias veñen recollidas no artigo 132 da LOE, tendo en conta as modificacións introducidas no punto 81 do artigo único da LOMCE.
 - Secretario: As súas funcións veñen recollidas no artigo 35º do Decreto 374/1996 (DOG do 21-10-96).

7.3. ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE


- ▶ Comisión de coordinación pedagóxica: A súa composición e competencias veñen reguladas nos artigos 61º e 62º do Decreto 374/1996 (DOG do 21-10-96).
- ▶ Equipos docentes.
- ▶ Equipo de dinamización da lingua galega: As súas funcións veñen reguladas na Orde do 17 de xullo de 2007 (DOG do 24-07-07).

7.4. DOCUMENTOS DE PLANIFICACIÓN

O centro deberá organizar a súa actividade e desenvolver os principios, valores e obxectivos recollidos neste proxecto educativo. Os documentos de planificación nos que se desenvolverá o proxecto educativo serán:

- ▶ A concreción do currículo a través das Programacións Didácticas e de Aula que incluirán:
 - Obxectivos, contidos, competencias básicas, estratexias metodolóxicas, estándares de aprendizaxe avaliáveis, criterios de avaliación, rúbricas.

- Plan de atención á diversidade.
 - A educación en valores a través das distintas áreas.
 - Os criterios de avaliación e promoción do alumnado.
 - Medidas para o alumnado que permaneza un ano máis no curso.
 - O período de adaptación á escola.
 - O proxecto Lingüístico do Centro.
 - O proxecto de Dinamización das Tecnoloxías da Información e da Comunicación.
 - O proxecto Lector de Centro.
 - O Plan de Convivencia Escolar.
 - O Plan de saídas escolares.
- ▶ A Programación Xeral Anual e a súa correspondente memoria.
 - ▶ O Plan de Atención á Diversidade.
 - ▶ O proxecto Lector a a súa concreción no Plan Lector.
 - ▶ As Normas de Organización e Funcionamento.
 - ▶ O proxecto Lingüístico.
 - ▶ O Plan de Convivencia.
 - ▶ O Plan de integración TIC.
 - ▶ O Plan de Acción Titorial.
 - ▶ Outros Plans e Protocolos: Plan de Autoprotección Escolar e Protocolo de acollida. Ademais o centro poderá establecer dentro da Programación Xeral Anual e/ou a través de proxectos ou plans concretos a participación en programas de mellora da calidade educativa, programas internacionais e aquelas iniciativas que promovan unha mellora da práctica educativa.



Atendendo ás necesidades do alumnado o equipo directivo, oído o Claustro, poderá asignar ao profesorado con horario lectivo dispoñible actividades como:

- ▶ Reforzo educativo.
- ▶ Atención á diversidade.
- ▶ Atención específica de apoio ao alumnado estranxeiro e minorías étnicas.
- ▶ Apoio á educación infantil.

O Equipo Directivo, oído o Claustro, designará aos dinamizadores/as das dinamizacións específicas que se establezan na Programación Xeral Anual así como ao profesorado colaborador con horario lectivo dispoñible. Poderanse establecer dinamizacións como:

- ▶ Novas tecnoloxías da información e da comunicación.
- ▶ Biblioteca.
- ▶ Convivencia escolar.
- ▶ Normalización lingüística.
- ▶ Mellora da calidade educativa.
- ▶ Programas internacionais.
- ▶ Outras actividades análogas que se establezan na PXA.

7.6. ENSINANZAS NON OBRIGATORIAS

As ensinanzas de educación musical e psicomotricidade, non obrigatorias na etapa de educación infantil, impartiranse nas condicións que se fixen na programación xeral anual para cada curso de acordo coa dispoñibilidade horaria do profesorado.

7.7. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Son actividades que están integradas na actividade lectiva normal, e que se realizan con finalidade eminentemente pedagóxica, encamiñadas ao desenvolvemento das capacidades básicas do alumnado.

- ▶ Celebración do Samaín.
- ▶ Celebración do Magosto.
- ▶ Celebración do Nadal.
- ▶ Celebración do Día da Paz.
- ▶ Celebración do Entroido.
- ▶ Celebración das Letras Galegas.
- ▶ Actividades de promoción da lectura.
- ▶ Plan de saídas escolares: saídas educativas dos diferentes niveis.
- ▶ Saídas ocasionais para participar en exposicións e/ou actividades didácticas que propoñen os distintos equipos de profesores.

7.8. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

- ▶ O centro oferta, unha serie de actividades lúdico-educativas, deportivas e culturais, encamiñadas a facer efectivos os principios xerais. Algunhas destas actividades realízanse nas propias instalacións do centro e outras en dependencias de titularidade municipal.
- ▶ A oferta de actividades realizarase cada curso ao comezo da actividade lectiva e figurará na Programación Xeral Anual.
- ▶ O Concello e o ANPA son os responsables de contratar aos monitores responsables de cada actividade.
- ▶ O financiamento destas actividades corre a cargo das familias, contando con axudas do Concello.

Este Proxecto Educativo de Centro referenciará tamén aos seguintes documentos de xestión que se revisarán e actualizarán periódicamente:

✚ NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

✚ PROGRAMACIÓN DOCENTES

✚ PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

✚ PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

✚ PLAN LECTOR

✚ PLAN DE CONVIVENCIA

✚ PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

✚ PROXECTO LINGÜÍSTICO

✚ PLAN DIXITAL DE CENTRO

✚ PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

O presente Proxecto Educativo foi informado polo Claustro, avaliado positivamente polo Consello Escolar e aprobado pola Dirección do Centro na reunión celebrada o 9 de outubro de 2018

A DIRECTORA E PRESIDENTA DO CONSELLO ESCOLAR

Asdo: Gloria Casas Ponte